

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN**

16770 *Real decreto 1512/2009, do 2 de outubro, polo que se modifican o Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguranza Social, de períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados, e o Real decreto 2665/1998, do 11 de decembro, polo que se completa o anterior real decreto.*

A Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na súa disposición adicional décima, encomendou ao Goberno a aprobación das disposicións necesarias para que, co obxecto de causar dereito á pensión de xubilación ou de obter unha contía superior á xa recoñecida, se puidesen computar, como cotizados á Seguranza Social, os períodos en que os sacerdotes e relixiosos da Igrexa católica exerceron o seu ministerio ou desenvolveron a súa actividade relixiosa sen quedar comprendidos por iso no ámbito do sistema da Seguranza Social, por ausencia de norma expresa en tal sentido.

En cumprimento desas previsións legais aprobáronse o Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguranza Social, de períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados, e o Real decreto 2665/1998, do 11 de decembro, polo que se completa o anterior real decreto, en cuxas normas se especifican os termos en que se aplica o beneficio citado, que comporta para os interesados a obriga de aboar o capital custo da pensión que deriva dos anos de cotización recoñecidos. Detállanse, nestas normas regulamentarias, os requisitos que deben reunir os beneficiarios, os períodos computables como asimilados a cotizados, así como as regras de cálculo da pensión e de pagamento do capital custo mediante o seu fraccionamento e desconto mensual do importe da prestación que se vai percibir.

A práctica xestora desenvolvida ao longo do tempo transcorrido permitiu coñecer a gran variedade de circunstancias concorrentes nos colectivos de referencia, así como a existencia dunha diversidade de supostos análogos merecedores do mesmo tratamento normativo, o que fixo aconsellable a revisión dalgúns dos presupostos inicialmente previstos, quer para ampliar o ámbito de aplicación das normas aplicables, quer para flexibilizar a formulación dos seus preceptos. Así, trátase no momento presente, por unha parte, de incorporar novos beneficiarios ao colectivo protexido e de posibilitar o recoñecemento duns períodos distintos de actividade relixiosa, e, por outra parte, de incrementar o prazo en que os beneficiarios poden amortizar o capital custo da pensión.

Polo que respecta ao ámbito subxectivo, considerouse conveniente estender a aplicación dos corpos normativos vixentes na actualidade aos membros laicos dos institutos seculares da Igrexa católica, que se consagran á perfección e ao exercicio do apostolado en termos semellantes aos dos membros dos institutos relixiosos. A diferenza relativa á propia condición canónica, clerical ou laical, non se debe erixir en elemento determinante que autorice excluír o indicado colectivo dos beneficios que xa desfrutaban os membros cregos daquelas mesmas comunidades.

Pola súa vez, parece necesario atender os requirimentos que acompañan o desempeño da actividade que é obxecto de protección, valorando, en concreto, que algúns membros dos institutos de vida consagrada exercen o seu ministerio sen límite territorial e, aínda máis, en moitas ocasións, o establecemento de misións fóra do territorio nacional para o desenvolvemento da función evanxelizadora constitúe o fin específico do propio instituto. Por isto, co obxecto de eliminar un obstáculo que impedía aos interesados en moitas ocasións o acceso á pensión, recóllese nas novas normas a posibilidade excepcional de

completar os períodos recoñecidos como cotizados á Seguranza Social con aqueles en que exerceron a súa profesión relixiosa no estranxeiro.

Finalmente, amplíase o prazo en que se deben cumprir as obrigas que, como compensación aos beneficios obtidos, recaen sobre os afectados, xa que, ao ser de escasa contía a maior parte das pensións recoñecidas ao abeiro das normas aplicables, os descontos que se deben efectuar sobre o seu importe mensual, para facer fronte ao pagamento do capital custo, resultan excesivamente gravosos para os beneficiarios. O establecemento dun período de tempo máis dilatado para a amortización da débeda viría mitigar o inconveniente sinalado.

Na tramitación deste real decreto solicitáronse os informes oportunos ao Colectivo de Sacerdotes e Relixiosos Secularizados (COSARESE) e á Federación Estatal de Secularizados (FES).

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e coa disposición adicional décima da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguranza Social, de períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados.*

O Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguranza Social, de períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa dos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un punto 3 ao artigo 2 coa seguinte redacción:

«3. Cando coa suma dos períodos de cotización efectiva e os asimilados a cotizados de acordo co establecido no punto 1 non se alcance o período mínimo de cotización exixido para causar dereito á pensión de xubilación, con carácter excepcional e na medida necesaria para completar este período mínimo, poderanse recoñecer, como cotizados á Seguranza Social, os períodos en que os interesados desenvolveron a súa actividade relixiosa fóra do territorio español, sempre que acrediten que a dita actividade se prestou para a comunidade relixiosa á cal pertencían nese momento e exclusivamente baixo as ordes dos seus superiores.»

Dous. O punto 2 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«2. O aboamento do capital custo a que se refire o punto anterior poderá ser adiado por un período máximo de vinte anos e fraccionado en pagamentos mensuais, deducibles de cada mensuralidade da pensión recoñecida.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 2665/1998, do 11 de decembro, polo que se completa o Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguranza Social, dos períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa aos sacerdotes e relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados.*

O punto 3 do artigo 4 do Real decreto 2665/1998, do 11 de decembro, polo que se completa o Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, sobre recoñecemento, como cotizados á Seguranza Social, dos períodos de actividade sacerdotal ou relixiosa aos sacerdotes e

relixiosos ou relixiosas da Igrexa católica secularizados, queda redactado do seguinte modo:

«3. O aboamento do capital custo a que se refiren os puntos anteriores poderá ser diferido por un período máximo de vinte anos e fraccionado en pagamentos mensuais, deducibles de cada mensuralidade de pensión.

O período de vinte anos poderá ser ampliado na medida necesaria para que, en ningún caso, a amortización do capital custo supoña unha contía mensual superior á adicional recibida, en función dos anos de exercicio sacerdotal ou relixioso recoñecidos.»

Artigo terceiro. *Ampliación do ámbito subxectivo.*

As previsións contidas nos reais decretos 487/1998, do 27 de marzo, e 2665/1998, do 11 de decembro, serán de aplicación, nos mesmos termos e condicións establecidos para os membros de institutos relixiosos, aos membros laicos dos institutos seculares da Igrexa católica, sempre que figuren inscritos no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza, que xa non tivesen a condición de membros destes institutos, o día 1 de xaneiro de 1997.

Disposición transitoria única. *Eficacia.*

O disposto neste real decreto será de aplicación ás pensións que se causen a partir da data da súa entrada en vigor. Así mesmo, por instancia de parte, poderase aplicar ás pensións xa causadas na dita data, para cuxos efectos, os interesados deberán formular a correspondente solicitude no prazo máximo dun ano.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial habilitante.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións de carácter xeral que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES